



Man ergueita sobre meixela dourada

Alberte Suras

A unha muller maltratada

Man ergueita sobre meixela dourada
vai petando forte,
 forte,
 forte.

Berros de catro letras
mesturándose no ar lívido
con berros de seis letras
nunha macabra sinfonía inacabada.

E agora un novo regato
delicadamente vermello e cristalino
a baixar pola faciana cansa
de tanto aldraxe sen sentido.

Man ergueita sobre meixela dourada
vai petando forte,
 forte,
 forte.

Sons de seis letras
mesturándose no ar corrompido
con sons de sete letras
nun falso allegro mesquiño.

E agora promesas incumpridas
a baixar polo peito nu
neste abafante día repetido
de soños e desexos imposibles.

A man segue ergueita.

A meixela xa non é dourada.

O século XXI avanza:

poder, cartos, sexo e fama.

E todo permanece igual.

E non pasa nada.

¡Que tristura!